



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-11

PRIMEIRA CONVOCATORIA

**PLENO ORDINARIO**  
**5 de Decembro de 2024**

Lugar

**SALON DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**10:03**

Hora de Finalización

**10:19**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### **MEMBROS ASISTENTES**

DANIEL DE DIOS MANSO  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### **MEMBROS AUSENTES**

EMILIO FERNANDEZ PARADA

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## **ACORDOS :**

### **1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 14.11.2024 (ACTA 10/2024)**

Faise constar en acta que no punto segundo da acta, sobre o orzamento de 2025, na plantilla de persoal, no posto de auxiliar administrativo, Nivel CD, figura por erro o 22, cando en realidade é o 18, tal e como sí se publicou debidamente no BOP

Feita esta salvedade, a acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á devandita sesión; é dicir, coa abstención de María Carmen Manso Rodríguez (**PP**) e Daniel de Dios Manso (**PSdeG-PSOE**) que non asistiron á sesión en cuestión.

### **2º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 05.09.2024.**

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **ordinaria** do Pleno de data **15 de setembro de 2024**, de acordo có seguinte:

**ACTA 2024-15.** Xunta de Goberno Local do **29 de agosto de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 06.08.2024 (**Acta 2024/14**)





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

2º. Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa da Deputación Provincial de Ourense para "Redacción de proxectos técnicos do concello". Expte 2024/6705N (Parte)

### **ACTA 2024-16.** Xunta de Goberno Local do **12 de setembro de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 29.08.2024 (**Acta 2024/15**)

2º. Nomeamento de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da actuación "Auditoría da rede de saneamento do núcleo de Castrelo do Val" ao abeiro da Resolución do 26.12.2023 de Augas de Galicia de subvencións para a realización de auditorías municipais das redes de saneamento (AU301D)

3º. Nomeamento de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da actuación "Melloras para a eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga no abastecemento no Concello de Castrelo do Val" ao abeiro da Resolución do 29.12.2023 de Augas de Galicia de subvencións para a execución de obras có fin de minimizar as perdas de auga (AU301E)

4º. Conta xustificativa da actuación "Reforma e ampliación do parque infantil A Fonte, en Nocedo do Val" e dotación de equipamento na Casa do Concello, executada ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do 27 de decembro de 2023 (DOG núm. 9 do 12/01/2024) de subvencións para a creación e mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais.

5º. Conta xustificativa da actuación "Contratación externa de socorristas para piscinas municipais" executada ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 27 de maio de 2024 (DOG núm. 105 do 31/05/2024) de subvencións para a prestación de servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas (PR460D)

### **ACTA 2024-17.** Xunta de Goberno Local do **25 de setembro de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 12.09.2024 (**Acta 2024/16**)

2º. Aprobación dos Padróns do segundo cadrimestre de 2024: da taxa da abastecemento domiciliario de auga e do canon da auga da Xunta de Galicia

3º. Orde do 11 de setembro de 2024 de axudas e subvencións de fomento do emprego para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (TR351B)

### **ACTA 2024-18.** Xunta de Goberno Local do **3 de outubro de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 25.09.2024 (**Acta 2024/17**)

2º. Aprobación conta xustificativa do programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos municipais 2024. Medida "Programa de Empregabilidade"

### **ACTA 2024-19** Xunta de Goberno Local do **10 de outubro de 2024:**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 03.10.2024 (**Acta 2024/18**)

2º. Conta xustificativa do proxecto "Equipamento parao museo de Castrelo do Val" subvencionado polo GDR9 Asociación Monteval Plan Leader PDR de Galicia 2014-2020

3º. Certificación Núm. 1 liquidación da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación entronque Rúa Canceliña, coa OU-113, en Nocedo do Val" Obra da subvención nominativa da Deputación Provincial de Ourense.

4º. Certificación Núm. 1 liquidación da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación da Rúa Canceliña, en Nocedo do Val" Obra do Plan CooperOU, achega complementaria.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

### **ACTA 2024-20** Xunta de Goberno Local do **24 de outubro de 2024:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 10.10.2024 (**Acta 2024/19**)
- 2º. Aprobación da conta xustificativa da Subvención nominativa da Deputación Provincial de Ourense para "Redacción de proxectos técnicos do concello" Expte 2024/6705N (Resto)
- 3º. Certificación Núm. 1 liquidación da obra "Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val" do Fondo de Compensación Ambiental 2024 (PR483C)

### **ACTA 2024-21** Xunta de Goberno Local do **30 de outubro de 2024:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 24.10.2024 (**Acta 2024/20**)
- 2º. Documento da auditoría da rede de saneamento de Castrelo do Val, actuación subvencionada por Augas de Galicia, ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 (AU301D) acordo que proceda.
- 3º. Aprobación da conta xustificativa da actuación "Auditoría municipal da rede de saneamento de Castrelo do Val" actuación subvencionada por Augas de Galicia ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 (AU301E)

### **ACTA 2024-22** Xunta de Goberno Local do **8 de novembro de 2024:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 30.10.2024 (**Acta 2024/21**)
- 2º. Aprobación da conta xustificativa da actuación "Melloras para a eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga en Castrelo do Val" actuación subvencionada por Augas de Galicia ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2023 (AU301E)
- 3º. Conta xustificativa do Programa Provincial de Cooperación cós concellos Benourense-Infancia - Servizos Complementarios de atención á infancia, para o ano 2024.

### **ACTA 2024-23** Xunta de Goberno Local do **22 de novembro de 2024:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 08.11.2024 (**ACTA 2024/22**)
- 2º. Certificación Núm 1, Liquidación da obra Renovación de firme en Rúa de Abaixo, en Castrelo do Val, obra do Plan CooperOU.

Os presentes quedan enterados.

### **3º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 05.09.2024.**

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas dende a derradeira da que se díu conta na sesión **ordinaria** do Pleno do **5 de setembro de 2024**, de acordo có seguinte:

118. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 03/09/2024.
119. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 06/09/2024.
120. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 06/09/2024.
121. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 10/09/2024.
122. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 12/09/2024.
123. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 12/09/2024.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

124. LICENZA REHABILITACION DE VIVENDA EN CASTRELO DO VAL, de data 13/09/2024.
125. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 16/09/2024.
126. APROBACIÓN EXPEDIENTE E INVITACIÓNS CONTRATO MENOR OBRA CANCELIÑA EN NOCEDO DO VAL, de data 17/09/2024.
127. RESOLUCION DE CONTRATO POR MUTUO ACORDO BOCAS DE REGO EN PIORNEDO, de data 18/09/2024.
128. ADXUDICACIÓN CONTRATO OBRA MENOR RUA CANCELIÑA, de data 20/09/2024.
129. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 23/09/2024.
130. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 23/09/2024.
131. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 24/09/2024.
132. GRATIFICACIÓN POR DESEMPEÑO ACCIDENTAL DA SECRETARÍA, de data 24/09/2024.
133. LICENZA URBANÍSTICA CONSTRUCCIÓN VIVENDA FAMILIAR ILLADA, de data 26/09/2024.
134. APROBACIÓN NÓMINAS MES DE SETEMBRO, de data 27/09/2024.
135. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 01/10/2024.
136. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 01/10/2024.
137. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 02/10/2024.
138. ALTA PADRÓN DE HABITANTES, de data 03/10/2024.
139. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 07/10/2024.
140. APROBACIÓN EXPEDIENTE E INVITACIÓNS REDE VIARIA MUNICIPAL, de data 07/10/2024.
141. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 10/10/2024.
142. RESOLUCION TARXETA DE ESTACIONAMENTO MINUSVALÍA, de data 10/10/2024.
143. ADXUDICACIÓN CONTRATO ESTUDO REDE VIARIA MUNICIPAL, de data 11/10/2024.
144. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 11/10/2024.
145. DECLARACIÓN RUINA, de data 15/10/2024.
146. DECLARACION RUINA, de data 15/10/2024.
147. LICENZA REFORMA INTERIOR DE VIVENDA EN CASTRELO DO VAL, de data 22/10/2024.
148. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 24/10/2024.
149. APROBACIÓN PAGO NÓMINAS OUTUBRO, de data 29/10/2024.
150. APROBACIÓN BASES PERSOAL OE RODEIRA DA COTA, de data 04/11/2024.
151. APROBACIÓN BASES ALUMNADO-TRABALLADOR OBRADOIRO DE EMPREGO, de data 04/11/2024.
152. LICENZA CONSTRUCCIÓN VIVENDA FAMILIAR ILLADA, de data 05/11/2024.
153. ADOPCION MEDIDAS DE CARÁCTER INMEDIATO RISCO DE RUINA, de data 05/11/2024.
154. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 11/11/2024.
155. ALTA PADRÓN HABITANTES, de data 11/11/2024.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

156. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 19/11/2024.
157. RESOLUCION TARXETA DE ESTACIONAMENTO MINUSVALÍA, de data 19/11/2024.
158. APROBACIÓN PAGO FACTURAS, de data 25/11/2024.
159. APROBACION PAGO NOMINAS NOVIEMBRE, de data 29/11/2024.
160. RESOLUCION TARXETA DE ESTACIONAMENTO MINUSVALÍA, de data 29/11/2024.

Os presentes quedan enterados.

### 4º. MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PADEL E DO PREZO PUBLICO POLA SUA UTILIZACION.

O Sr. alcalde pasa a dar conta da proposta de modificación da ordenanza de referencia, que xustifica sinalando que:

O pleno do concello, en sesión do **7 de febreiro de 2018** aprobou a **ordenanza reguladora do funcionamento da pista de pádel e do prezo público pola súa utilización**; entrando en vigor trala súa publicación íntegra no **BOP de Ourense núm.73, do 31/03/2018**, ata a actualidade.

Logo de seis anos e medio de aplicación desta Ordenanza, chegou o momento de correxir algunha das normas que regulan o uso das instalacións; así como de adecuar o prezo público a realidade económica actual.

Neste sentido, e polo que se refire ás **normas de uso**, resulta conveniente modificar o “**Artigo 8º. Desenrolo das actividades**” na previsión de sinatura de convenios de colaboración con asociacións sen ánimo de lucro, permitindo excepciónar, se é o caso, o sistema de reservas.

Polo que se refire as **tarifas do prezo público** precisan dunha actualización que permita manter unha cobertura dos gastos de funcionamento das instalacións municipais. Ademais detectouse unha certa picaresca derivada de que a actual tarifa está discriminada no seu prezo/hora, pola circunstancia de que ésta sexa con ou sen iluminación artificial; razón pola que as tarifas que se propoñen son únicas por hora ou fracción, pero con independencia de que sexan con luz natural ou con iluminación artificial. Por último, suprímese o sistema de bono anual e de aluguer de material, que non tivo utilización nestos anos.

Aberto un turno de intervencións, non se produciron.

Tralo que, de acordo có que se establece no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e ao resultar conveniente a modificación descrita e xa que é competencia municipal a súa aprobación, o **Pleno por unanimidade** dos seus seis membros presentes (**5 PSdeG-PSOE e 1 PP**) dos sete que legalmente o forman, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar, provisionalmente, a modificación da **Ordenanza reguladora do funcionamento da pista de pádel e do prezo público pola súa utilización**

A modificación da ordenanza que se dixo, afecta ao seguinte:





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

### **Artigo 8º. Desenrolo das actividades.**

Engádese o seguinte párrafo:

*“Ademáis, no caso de sinatura de convenios de colaboración con asociacións sen ánimo de lucro, o sistema de reservas poderá ser excepcionado a resultas e suxeito as condicións establecidas en cada caso no convenio”*

### **Artigo 11º. Tarifas”**

Onde dí:

*“Prezo de unha hora: 3 euros e 4 euros con iluminación artificial.*

*Prezo de unha hora e media: 4,50 euros e 6 euros con iluminación artificial.*

*Prezo de dúas horas: 6 euros e 8 euros con iluminación artificial”.*

Pasará a decir:

*“Prezo de unha hora: 5,00 euros (con ou sen iluminación artificial).*

*Prezo de unha hora e media: 7,50 euros (con ou sen iluminación artificial).*

*Prezo de dúas horas: 10,00 euros (con ou sen iluminación artificial).”*

E suprímese o seguinte:

*“Bono pista padel: 30 euros/dez reservas de unha hora e con luz 40 euros. Caducidade anual. Aluguer de raquetas e pelotas por unha hora: 0,50 euros”*

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza afectada por prazo de **trinta días hábiles**, tal como preceptúa o art. 17.1 e 2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais

**TERCEIRO.** Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ao mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto na citada Lei.

**CUARTO.** A referida ordenanza modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **5º. MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS.**

O Sr. alcalde pasa a dar conta da proposta de modificación da ordenanza de referencia, que xustifica sinalando que:

O pleno do concello, en sesión do 6 de **novembro de 2020** aprobou a ordenanza desta taxa. **Transcurridos catro anos** faise preciso actualizar as tarifas da taxa a situación económica actual.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Aberto un turno de intervencións, a Sra. Manso Rodríguez (**PP**) manifestou que certamente nos últimos anos nótase que a piscina está peor traballada que ao principio de abrir.

O Sr. Alcalde coincide e sinala que ao principio fora xente de aquí quen abriu a piscina e que esforzáranse moito. Máis tarde, cós anos empezou a facelo unha empresa de fora, aínda que foi porque non houbera alternativa, e que efectivamente o servizo foi perdendo calidade. Que intentárase volver a xestionala desde o concello.

Tralo que, de acordo có que se establece no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e ao resultar conveniente a modificación descrita e xa que é competencia municipal a súa aprobación, o **Pleno**, por **unanimidade** dos seus seis membros presentes (**5 PSdeG-PSOE e 1 PP**) dos sete que legalmente o forman, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.** Aprobar, provisionalmente, a modificación da **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de piscinas municipais**

A modificación da ordenanza que se dixo, afecta ao seguinte:

**Artículo 6. Cota tributaria.**

Onde dí:

*“A cota tributaria será a que resulte da aplicación da seguinte tarifa:*

*Crianzas de 3 a 14 anos: 0,80 euros*

*Maiores de 14 anos: 1,20 euros”.*

Pasará a decidir:

*“A cota tributaria será a que resulte da aplicación da seguinte tarifa:*

*Nenos de 3 a 12 anos: 1,00 euro*

*Maiores de 12 anos: 1,50 euros”.*

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza afectada por prazo de trinta días hábiles, tal como preceptúa o art. 17.1 e 2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais

**TERCEIRO.** Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ao mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no art. 17.4 da citada Lei.

**CUARTO.** A referida ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

\*\*\*\*\*





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ou grupo, por razóns de urxencia, desexa o tratamento dalgún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Ningún concelleiro fai uso desta facultade.

### 6º. ROGOS E PREGUNTAS.

Formuláronse os seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**):

- Sr. Alcalde: Rogo se é posible que se arranxe un canal en San Paio, que parece que o seu borde romperá a roda dun vehículo que circulaba polo lugar.

O Sr. Alcalde queda enterado e resposta que lembra que foi feito por un Obradoiro de Emprego e que pensa que xa se lle pasou unha rebarbadora para solucionar o tema.

- Sr. Alcalde: Rogo que, a pesar de que na sesión de organización determinouse que a hora de celebración das sesións ordinarias do Pleno fora a de as dez da mañá; debido a circunstancias de traballo seríame moito mellor se se puidera cambiar a hora de inicio para ás nove da mañá.

O Sr. Alcalde queda enterado e resposta que o falará có resto de concelleiros do seu grupo, xa que algún tamén por razóns de traballo íballe mellor as dez. E có que se fale darase conta ao Pleno.

O Sr. Alcalde antes de levantar a sesión desexa a todos os membros da Corporación unhas felices festas e próspero ano 2025.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

